

PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 10-12-2024, ditou a resolución con número 3654/2024 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

Aprobación da Listaxe Definitiva de persoas admitidas e excluídas, nomeamento do tribunal cualificador e datas da fase de concurso-oposición, do proceso selectivo para a contratación dun/ha docente para impartir a acción formativa “ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIÓN SOCIAIS”, correspondente ao Plan Formativo para o Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia para os exercicios 2024 e 2025.

Antecedentes.

Primeiro.- Por Resolución de Alcaldía núm. 3492/2024 de data 28/11/2024, aprobáronse as Bases e a convocatoria para a selección de persoal docente, mediante o sistema de concurso-oposición libre, para a contratación de duración determinada (contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral) e a tempo parcial (6 horas/día) dun/ha docente para impartir a acción formativa, denominada “**Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais**” (Código curso: 2024/002293, Especialidade: SSCS0208), correspondente ao Plan Formativo para o Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 e 2025.

De conformidade co disposto na base Terceira das bases reguladoras da convocatoria, o prazo de presentación de instancias foi de cinco (5) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña (BOP núm. 231 de 29/11/2024).

Segundo.- Rematado o prazo regulamentario para a presentación de instancias e logo de examinar as solicitudes presentadas xunto coa documentación que as acompaña, de conformidade co establecido na Base Cuarta (*Admisión de aspirantes*): “4.3.- De non existir aspirantes excluídos/as, o Alcalde elevará a definitiva a listaxe provisional” e, na base Quinta (*Composición da comisión da avaliación*) da convocatoria, e de de acordo coas atribucións que confire á Alcaldía o art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a **Listaxe definitiva** de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, no proceso de selección de persoal docente mediante o sistema de concurso-oposición libre para a contratación de duración determinada e a tempo parcial (6 horas/día), dun/ha docente para impartir a acción formativa “**Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais**” (Código curso: 2024/002293, Especialidade: SSCS0208).

Os aspirantes admitidos/as e excluídos/as son os relacionados no **Anexo I**.

Segundo.- Designar a Comisión da Avaliación prevista na Base 5ª da convocatoria (*Composición da comisión da avaliación*) que estará composto polos seguintes membros:

Presidente:

- Titular: D^a. **Milagros Antelo Cameán**, Técnica de orientación laboral do Concello de Carballo.
Suplente: D. **Juan José Lorenzo Pose**, Director do Centro Municipal de Formación do Concello de Carballo.

Vogais:

- Titular 1º: D^a. **Ana Carmen Jiménez Mosquera**, Axente de desenvolvemento local do concello de Laracha.
Suplente 1º: D^a. **María Dolores Serrano Bolón**, Técnica de orientación laboral do Concello de Carballo.
- Titular 2º: D^a. **Susana Mariño Lorenzo**, Técnica de administración do concello de Carballo.
Suplente 2º: D^a. **Lorena Castrillón Manso**, Enxeñeiro técnico industrial do Concello de Carballo.
- Titular 3º: D^a. **Carmen Del Río Rodríguez**, Técnica de administración do Concello de Carballo.
Suplente 3º: D. **José Facal Fariña**, Enxeñeiro técnico industrial do Concello de Carballo.

Secretaria/o:

- Titular D. **Vitor Recarei Añón**, administrativo do concello de Carballo.
Suplente: D^a. **M^a Luz Fernández Sandá**, administrativa do concello de Carballo.

Os membros do tribunal cualificador poderán ser recusados nos termos establecidos polos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Terceiro.- Convocar a todos os membros da comisión da avaliación para a **constitución do tribunal** e realización da **valoración de méritos da fase de concurso** que terá lugar o **xoves 12 de decembro de 2024 as 12:00 h.** na Sala de Xuntas do concello de Carballo (Praza do Concello, S/N. 15100 Carballo).

Non será preciso a celebración do segundo exercicio da fase de oposición, avaliación do coñecemento da lingua galega, dado que tódolos/as aspirantes teñen acreditado estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requirido segundo a Base segunda apartado 6 (*CELGA 3 ou equivalente*).

Cuarto.- Expoñer esta resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (www.sede.carballo.gal) e con carácter complementario na páxina web municipal www.carballo.org.

ANEXO I.

Listaxe definitiva de Admitidos/as do proceso de selección de persoal docente, mediante o sistema de concurso-oposición libre, para impartir a acción formativa “ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIÓNS SOCIAIS” correspondente ao Plan formativo para o emprego da Comunidade Autónoma de Galicia para os exercicios 2024 e 2025 (Código curso: 2024/002293, Especialidade: SSCS0208).

| Nº | APELIDOS | NOME | DNI |
|----|---------------|----------|-----------|
| 1 | LOPEZ RAFALES | VERONICA | ***0242** |
| 2 | MARQUE SEOANE | SALETA | ***5637** |
| 3 | VARELA CASTRO | HELENA | ***5500** |

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

Secretaria

Marina Núñez Orjales

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario

Marina Núñez Orjales